

A Confraría de Pescadore S. Bartolomé de Noia ante a solicitude dun reducido número de mariscadores/as de ampliar a campaña ata finais de mes quere expoñer:

Os órganos de goberno teñen que tomar decisións, en función do desenrolo da campaña, episodios de toxina, baixada de prezos... etc

Ao longo da campaña tomaronse decisións como aumentar topes despois do parón obrigado pola toxina de Outubro, a finais de xaneiro, principios de febreiro baixaronse topes debido á forte baixada de prezos.

Asimesmo acordouse por causa das fortes choivas de marzo e a apertura das comportas da Central hidroeléctrica do Tambre o que causou unha fortísima baixada da salinidade (con niveis de pouco máis de 0), alargar o período de extracción ata o 19 de Abril e así poder traballar tamén nunha zona que necesita ser traballada.

Non é normal que a campaña se extenda ata o mes de Abril, porque normalmente é o período no que comeza o desove, despois de disitintas mostraxes realizadas, xa se aprecian indicios de que comeza a estar desovando, polo que non se aconsella seguir traballando máis alá desa data.

A campaña 2017/18 comezou o 18 de Setembro de 2017, levanse vendidos preto de 3 millóns de kg de moluscos, e facturados máis de 19.200.000 Euros.

A vindeira e futuras campañas marisqueiras dependen de distintos factores, do que se deixe desta, do traballo posterior de retirada de depredadores, algas, residuos etc loita contra o furtivismo e das condicións meteorolóxicas.

Seguir extraendo na época de desove perxudica gravemente o futuro da Ría, polo ven de todos e non dunha minoría, esta Confraría non alongará mais a campaña marisqueira. E comezará de inmediato a preparar a vindeira campaña, cuías perspectivas son si todo vai ben e abrir de novo en setembro, a Praia necesita descanso para que o marisco desove e medre.

A CONFRARÍA

